



dosior

As teimas e os soños de Uxío Novoneyra

Residimos tanto na lingua como na terra

María Pilar García Negro

O perfil nacionalista e marxista de Uxío Novoneyra

Xosé Lois García

Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

Residimos tanto na lingua como na terra...

María Pilar García Negro


As lectoras e os lectores desta publicación repararán en que nos lembramos nas páxinas deste amplo número de senllos aniversarios de dous escritores imprescindíbeis da nosa literatura contemporánea. Recordamos, con efecto, o cincuenta aniversario do falecemento de Ramón Cabanillas, que finou en 1959, e mais o trixésimo da morte de Eduardo Blanco Amor, así como o cincuentenario da publicación da grande novela *A esmorga*, tamén de 1959. Francisco Fernández Rei e Manuel Rei Romeu ilustráronnos sobre o primeiro, así como Francisco Rodríguez e Diego Pardo Amado o fan sobre o segundo.

Mais unha outra personalidade fundamental da nosa literatura e

historia contemporánea reclama a nosa atención. Para alén de ter sido escollido pola Real Academia Galega figura epónimo do Día das Letras Galegas de 2010, en *Terra e Tempo* pensabamos lembrar o décimo aniversario do seu falecemento, que ocorreu en Outubro de 2009, e aínda os oitenta anos do seu nacemento, no 19 de Xaneiro de 1930. Para esta recordación contamos coa excelente síntese biobibliográfica de Xosé Lois García e coa colaboración impagábel de Elba Rei, viúva de Uxío e súa compañeira leal, que nos permitiu utilizar textos inéditos de Novoneyra dun grandísimo valor. Son, en nome técnico, paratextos, isto é, discursos na súa calidade de Presi-



Uxío Novoneyra aos 16 anos



dente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, intervencións en actos cívico-patrióticos, definicións do papel do escritor... E, sempre, absolutamente sempre, a lingua, como eixo irrenunciábel. Nestes tempos de ataques inmisericordes contra ela, contra a lingua de noso, botamos en falta a súa voz firme, clara e insubornábel, que non dubidaría en definir como merecen gobernantes que se avergoñan do que lles dá sentido e lles dá de comer e perpetran atentados destrutores contra o maior signo identificador de que dispomos como pobo. Alimentámonos, porén, coa súa herdanza escrita, de que desfrutamos hoxe grazas á xenerosidade e entrega patriótica de Elba e de seus fillos Branca, Uxío e Arturo. Obrigados, desde esta publicación, a todos eles!

Respeitamos escrupulosamente a textualidade exacta dos escritos de Novoneyra, con todas as súas peculiaridades e estilo inconfundíbel. Os lectores de hoxe teñen dereito a coñecer tal e como el se produciu, sen nengún *flash back* falsificador.

Neste presente, en fin, máis que nunca, diremos con el: *Residimos tanto na lingua como na terra*. Farémolo valer... ■

Xosé Lois García

O perfil nacionalista e marxista de Uxío Novoneyra

IDEOLOXÍA INICIAL. Dous períodos ben diversos marcan a ideoloxía de Uxío Novoneyra en Madrid: 1949-1951 e 1962-1966. Nestas estadias coñeceu moi ben a represión franquista na capital do Estado. No período de Compostela, co gallo do servizo militar en 1952, coincide con Manuel María, os dous coñeceron Otero Pedraño, Ramón Piñeiro, García Sabell, Fermín Bouza Brey e Carlos Maside no Café Español e no Derby. Otero, Piñeiro e García Sabell, fundamentais na creación da Editorial Galaxia, ademais de antifranquistas, tiñan unha liña galeguista bastante marcada e, por outro lado, a do pintor Carlos Maside, como marxista. Maside foi un referente para Novoneyra no contexto ideolóxico e, en concreto, no ideario marxista. Digamos que foi un punto de partida inicial do que sería en Novoneyra o marxismo na súa segunda estadia en Madrid que se ampliou cos contactos que tiña alí con Reimundo Patiño.

Ramón Piñeiro, despois do servizo militar de Novoneyra en Compostela, foi quen prologou e canalizou a publicación de *Os Eidos* na Editorial Galaxia en 1955. A relación con Piñeiro, naqueles anos, foi máis importante no campo literario que no político. Mais desde a súa segunda ida a Madrid, o compromiso político asumido cara ao marxismo e cara a un nacionalismo máis ofensivo arrefriou as relacións con Piñeiro.

Novoneyra foi unha persoa moi independente no plano político, desbotando a disciplina de partido polo seu carácter temperamental e pola liberdade de pensamento. Isto maniféstao nun dos seus discursos: *Pois non chamaremos socialismo a aquilo onde as posibilidades individuais e sociais do home quedan reducidas ó mínimo ou imposibilitadas de prano por un inmóbre clan dirixente.*

Novoneyra soubo reconciliar marxismo e nacionalismo para seren desenvolvidos nos pobos asoballados e, en concreto, no caso galego. Esta postura ten a súa orixe en certos matices que Carlos Maside mantiña e que pro-



Manuel María, Xosé Lois García (autor do artigo) e Uxío Novoneyra en Pamplona, 1991

viñan da proposta do seu amigo de xeración, Xohán Xesús González, o dirixente comunista que procurou integrar marxismo e nacionalismo, sendo asasinado en 1936. Novoneyra comprendeu esta teorización. Unha postura nada cómoda para os que a practicarón como el. Ser marxista para un nacionalista e *vice versa* significaba transgredir as regras establecidas por cada cal e, sobre todo, estar baixo sospeita dos uns e dos outros.

PROXECTO NACIONALISTA. Uxío Novoneyra practicou o nacionalismo de clase con persoas como Patiño e Ferrín que coincidiu con eles en Madrid (1962-66). Patiño e Ferrín, xunto con Celso Emilio Ferreiro, crearon en 1964 a Unión do Povo Galego (UPG). Novoneyra non participou na creación desta organización, mais admitiu moitos conceptos do nacionalismo e marxismo emitidos polos dirixentes de Brais Pinto, asociación



Uxío Novoneyra e Xosé Lois García na Rúa Nova de Compostela, 1984

cultural moi importante na creación da UPG.

Consciencia nacional, dignidade nacional e consciencia social foron tres elementos fundamentais na práctica nacionalista e no contexto da loita de clases que Uxío Novoneyra admitiu. Así o manifestou o 28 de xuño de 1984, cando os restos de Castela chegaron a Compostela: *Os restos de Castelao están aí, e poden ser manipulados, como todo polo poder; máis Castelao solo ven realmente pros que queremos unha Galicia Ceibe, pros que solo temos unha patria, a patria galega. Pros que solo nós sabemos e nos sentimos pertencentes a unha nación, a nación galega.*

O 20 de setembro de 1988, Uxío Novoneyra destaca a súa opción nacionalista nunha homenaxe en Madrid a Celso Emilio Ferreiro: *Trátase no caso de Celso Emilio, como en cáseque todos os poetas ou escritores galegos nacionalistas, dun nacionalismo defensivo. Que defende a súa lingua e cultura, i o dereito a autodefinición do seu e de todos os pobos fronte o nacionalismo depredador dos gobernos estatais, que se apropiaron e sosteñen unha situación inxusta traguida de séculos.*

Cando o dirixente do BNG, Francisco Rodríguez foi encadeado, Uxío Novoneyra deixou claro: *Estamos aquí, homes libres de compromiso partidario e ou-*

tros de diversos campos, de diversas ideoloxías, pra defender a liberdade de opinión i a liberdade de expresión e pra defender o dereito ó fervor pola patria, pola recuperación dunha nación oprimida, dunha cultura oprimida, dunha lingua oprimida, representantes dun nacionalismo defensivo, o nacionalismo menos agresivo do mundo, o nacionalismo galego. O simple sentino nacional básico que a pesar de todo é hostigado polo poder, polo nacionalismo imperialista do estado.

Letanía de Galicia non deixa de ser un enorme cántico nacionalista mergullado nun contexto social no que Novoneyra se achega ás clases sociais, ausentes na historia oficialista, dándolles un apouso exaltador e memorial:

GALICIA labrega GALICIA nosa
 GALICIA mariñeira GALICIA nosa
 GALICIA obreira GALICIA nosa
 GALICIA irmandiña
 GALICIA viva inda

Nacionalismo e socialismo, presentes neste poema, confirman a opresión do país e das súas clases traballadoras: labregos, mariñeiros e obreiros que confirman esa GALICIA nosa, tan erixida e valorada nesa unidade poética. Novoneyra confirma os atributos, os valores e as dádivas dunha nación asoballada e dun pobo con historia sen facer cando di:

*recólloste da TERRA estás mui fonda
 recólloste do PUEBLO estás n'il toda
 recólloste da HISTORIA estás borrosa*

Novoneyra nas dúas últimas estrofas envía unha mensaxe aos que aspiran á liberdade dos pobos e ao home novo emancipado:

*pros que saben que ti podes ser outra cousa
 pros que saben que o home pode ser outra cousa*

Dado que o home pode ser outra cousa, a tentativa vai dirixida a fomentar ese home novo que o marxismo erixiu. O home novo que tanto énfase puxo nel Che Guevara. Por tanto, a realidade revolucionara esta presente na *Letanía de Galicia*.

INTERNACIONALISMO. Se a *Letanía de Galicia* é unha referencia para o nacionalismo galego, *Vietnam Canto* está asentado na solidariedade internacionalista e contra a agresión imperialista. A Galiza, como país explotado, está presente neste excelente poema cuxos rexistros conforman unha ampla base solidaria entre os pobos oprimidos.

Uxío Novoneyra estaba nesta órbita por moitas razóns: a de máis peso era pola súa ideoloxía marxista. Neste poema dedicado ao Vietnam, a Galiza está dobremente dentro do

mesmo, como receptora dunha mensaxe que da fe das masacres e tamén, proxectada cara ao exterior, facendo causa común cos pobos asoballados. O dobre gume de *Vietnam Canto* fornece estas dúas direccións que informan e acusan das situacións vividas en Vietnam e na Galiza. É aquí onde se unifica o nacionalismo de *Letanía de Galicia* co internacionalismo proletario de *Vietnam Canto*. Outra dimensión dinámica que Novoneyra ordena desde a súa ideoloxía marxista e nacionalista.

Cando Manuel María pretendeu publicar este poema en 1968 na colección *Val de Lemos* houbo problemas coa censura. Uxío responde a Manuel: *Como podes ver sería ridículo insistir. A censura, encanto á Poesía, acepta un límite de protesta, unha protesta debidamente dosificada. Non o que realmente "pincha" onde a eles lles doi. Vietnam Canto, continuou a ter problemas coa censura, cando a revista madrileña de poesía Trece de Nieve tratou de publicalo en 1973.*

Vietnam Canto resúltanos un poema emblemático en varios dos seus apartados, tan marcante na poesía social da Galiza. Convén reiterar o que Uxío Novoneyra dixo con respecto a este poema: *En todo este tempo que estiven en Madrid, algo me fun cargando dese ambiente, algo presentía que unha nova dirección ía coller a miña poesía.* Neste aspecto, *Vietnam Canto* non deixa de ser unha referencia acusadora contra as situacións convulsivas do mundo actual.

PATRIA-LINGUA. A nosa cultura e a nosa psicoloxía, segundo Novoneyra, residen na lingua: **Residimos tanto na Lingua como na Terra.** Traemos aquí varios textos que corroboran o seu ideal patriótico emanado da lingua e que, mesmo en ocasións, nos falan de *Patria-Lingua*. Nesta unión, sinala: *Esta voz ha ser decisiva tamén prá pervivencia i extensión do devandito, como na loita que se sigue pola chamada normalización do idioma i os outros dereitos nacionais. Pra esta loita requírese non só a voluntá dos escritores, senón tamén a de tódolos que sintan*



Lámina cun debuxo de Raimundo Patiño e un poema caligrafado de Uxío Novoneyra

o ser i o problema de GALICIA e teñan a certeza de que a forza do noso amor non pode ser inútle.

A lingua como motor emancipador da nación, o esclareceu nunha curta introdución sobre os poetas, finalizando: *¿Quen non rexeita os fríos manipuladores da Lingua de calquer índole, os deformadores da Patria? Os enlatadores da identidade. Por qué a Lingua é sagrada, é o único que queda de tódolos nosos mortos a única forma de inmortalidade longa.*

Un dos discursos mais lúcidos e transcendentales que Uxío Novoneyra pronunciou sobre a lingua e a súa independencia foi na apertura do III Congreso de Escritores Galegos, pronunciado o 22 de setembro de 1995 no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela: *E se non outra imposible permanencia ha de valerlle a permanencia da especie e a permanencia, a duración da propia Lingua, onde quedan a voz, os xestos i o xeito dos antepasados e dos*



© Xan Miras

Un dos últimos actos nos que Uxío Novoneyra exerceu de “decidor” con motivo dunha sentida homenaxe que se lle fixo

contemporáneos /todo!/: a imaxen de todo o propio, unha extensión do antigo sentimento de estirpe mesturado coa conciencia de clase, coa extensa conciencia de clase, ó ser está na Lingua das clases populares, as que fan sentir precisamente a súa forza con potencia no último século. Dándose o caso eiquí en Galicia que o sustrato labrego popular i o coñecemento do mundo e da Terra é o que formou a Lingua.

Na clausura deste III Congreso de Escritores volveu a pór énfase na

*lingua: Certamente a responsabilidade da Lingua é de todos, non só dos escritores en Lingua Galega nin dos nacionalistas defensivos ou críticos. A todo galego, sexa de partido que sexa, incumbe a responsabilidade da supervivencia da Lingua e a reivindicación da dinidade nacional de Galicia e o dereito da autodeterminación, recoñecido nominalmente para tódolos pobos. E así nós, escritores en Lingua Galega non nos sentiremos ate tal punto **se-cuestrados pola patria.***

Esa obsesión reiterada pola defensa do idioma que atopamos en Novoneyra leva esa obstinada defensa: *Eiquí estamos celebrando as letras da nosa lingua, da nosa diferenza, o verbo orixinario, depositario da memoria común, gardador da nosa inmortalidade, da única pervivencia máis alá da memoria personalizada, a relixión inevitable, pois só somos pasado. E a lingua é a memoria do pasado común. Por iso se di que a lingua propia vala para algo máis que para comunicarnos: vale para unirnos e gardarnos ■*

Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

Libros para ser libres

A Nosa Lingua é a Nosa Patria

Intervención co gallo do acto de apertura da VI Feira do Libro de Santiago de Compostela, 1987, reproducido logo como artigo nas páxinas de “El Correo Gallego”



Con primavera nova, estamos nesta vella Compostela, que agora se lle presenta, por primeira vez dende Xelmírez, a oportunidade de ser centro decisivo, anque limitado, de poder pra tódalas terras de Galicia, de igual maneira que á lingua e a cultura, ás letras galegas se lles presenta a posibilidade de recuperarse da marxina-ción dos últimos séculos, e ser non só moimento de memoria viva, resto último do noso ser histórico acumulado, do noso pasado profundo, senón tamén vehículo de relación de comunicación moderno, actual, completo, hable pra todo.

Nestes anos primeiros da nosa Autonomía estase dirimindo a posibilidade dunha Galicia galega, posibilidade da recuperación nacional de Galicia. I é agora cando todos deben, debemos ter conciencia de que todos implicados, porriba de intereses e credos políticos ¡se é que esto é posible! Todo galego de toda ideoloxía que implique responsabilidades do común, ten que sentir, ten que ter a a responsabilidade da nosa lingua i a nosa cultura, que son o máis fondo, o máis conformado a espresión viva do noso común. E sobre todo a lingua que non só un gran poeta como Pessoa senón que son moitos os que a confunden xustamente con patria.

A nosa lingua é a nosa patria, aínda máis que o propio territorio. Nela aínda o descoñecido nunca é alleo pra nós.

Retomo o fío de que neste intre estamos tódolos galegos, os de tódo-

los credos e partidos, implicados no afianzamento da nosa lingua e a nosa cultura no noso país. Iste afianzamento faranos ver máis craramente os nosos problemas e os problemas da nosa relación cos outros pobos.

Se non somos capaces de deslindar e defender a nosa identidade. ¿que problema común poderemos afrontar que non seña o de acetar a imposición que nos veña de fora, a imposición que non pensa en nós como pobo, senón como territorio, como ouxeto?..

Todo político que non vexa esto, todo home galego que non vexa esto, queda fora, queda deslexitimado pra exercer a responsabilidade da representación cidadán na súa terra, no seu pobo, que é iste pobo en trance de recuperación ou de extinción precisamente neste intre.

TODOS somos galegos e todos temos responsabilidades como tales galegos, i estas responsabilidades, repito outra vez máis, traspasan as ideoloxías i as premisas do propio partido. Responden a algo máis profundo. E non valen medias tintas. Hai que estar sí ou non con Galicia. E non se poder dicir que se está con Galicia cando non se sinte a responsabilidade da pervivencia da nosa lingua como meta primordial.

Nesa pervivencia: eiquí é onde está o futuro de Compostela e o futuro de Galicia. Eiquí está inclusive o poder político do futuro, que será moi distinto según que a nosa llingua se sosteña ou non. Así nós gobernaremos

de verdade algún día ou seremos gobernados, seremos o que fomos e somos: “gleba”, “carne de Historia” e non homes libres dun pobo libre.

Esta palabra “libre” vouna coller pra baixar ó motivo que aquí nos trai: a inauguración da Feira do Libro de Santiago de Compostela / 1987. A Feira do Libro que tamén é unha feira, unha festa da liberdade. Pois a tódalas formas de comunicación ampla ou multiplicada que ten o home, polo de hoxe na que se dice con maior liberdade é precisamente no libro.

Xa sabemos das presións que exerce calquer poder pra imporse, pra impórse nos medios de comunicación de masas / audiovisuais /, na TV, na radio e aínda anque menos na prensa diaria ou periódica. Sólo nos libros os outros homes se nos achegan coma se fose individualmente, como privadamente, cáseque como íntimamente, a falar con nós. A decírnos, a decírnos. A informarnos do mundo, do seu mundo, do noso mundo.

Os libros son, despois do amor i a amizade, a maior forza contra a soedade, a terrible soledá humán que é quen fai os maiores mostros.

Se non conseguimos relacionarnos cos nosos veciños, cos nosos conciudadáns, coa fondura e fluidez que desexamos, que precisamos, relacionémonos polo menos con eles ó traveso da lectura dun libro verdadeiro. E así non se embotará a nosa capacidade de comunicación, de profunda relación social. Probablemente o autor dise libro, nun impulso tamén de comunicación, de relación dificultada, buscou tamén o interlocutor interposto do libro pra non deixar de relacionarse, pra facelo sin violencia, sin ser irruptor, nun falar pra todos como pra cada ún e con liberdade.

Libros para ser libres, pois que dende iles é dende onde o home nos fala máis libremente, liberado incluso da coerción do entorno. E incluso máis da coerción que pudiera suporlle a nosa propia presenza.

Libros pra sinceridade.

A Terra que terma das palabras

Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

Árbores, 1984


Arbores, álbores, árboles, albres, arbes. Tamén de moitos xeitos se chaman en Galicia carballos, castiñeiros, cerdeiras, pradairos, bidueiros, nogueiras, pereiras, mazairos, lameiras, loureiros, abrairas, salgueiros, amieiros, chopros, aciñas, faias, carnabudos, teixos, acibros... Sin eles a face da nosa Terra non sería recoñecíbele. Entríles escribín poemas que sólo poden escribirse na nosa Fala.

Riba da auga tecida
flaira d'abraira frorida
Riba da auga trezada
flaira d'abraira granada.

/

No bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño.
No mesmiño
bicarelo do bico do brelo.

Aló na serra luguesa do Courel hai un paradiso bravo de árbores e fontes. Ollando ó Norde, costa e raiada picafondo por dez regueiros: A Devesa da Rogueira. Eilí sempre foi bosque.



Nas fotos da esquerda vemos a marca feita por Novoneyra na codia dos seus castiñeiros. Debaixo, as bagas vermellas dun carnabudo, árbore preferida de Novoneyra. Enriba destas liñas está o editorial mecanografo e asinado de *Escrita*, revista da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Recital de Marín e Ourense Nadal de 1989

EN GALICIA HAI unha forma extremada e vaga, máis aguda, da concencia que é o sentimento, que tanto empuxa como paraliza. A desmesura eiquí do sentimento patentízase tanto na poesía popular como nas outras.

Cando a galega foi a forma poética medieval da península, foi a forma do sentimento.

Cando a poesía i a lingua galega se recupera no século XIX foi tamén unha forma do sentimento, quero decir que foi eso predominantemente.

Inda no século XX o sentimento xa non de moda está detrás da concencia aguda, depurada, cuaseque pura e da palabra pretendidamente enfiada en Manuel Antonio, Pimentel. Non é ocultado -o contrario- en Cunqueiro, e Díaz Castro e aparece en todo a súa plenitude popular desmedida en María Mariño Carou, a noiosa do Courel.

O sentimento é concencia, é conocimiento e como tal é válido e inda incluso pode ser actuante pois pode

ligarnos, facernos recoñecibles, identificarnos.

O sentimento non é inútil, provoca incluso a revulsión interior contra a inxustiza, a carencia e remarca a dignidade humana.

Pensaba eu relendo a Rosalía polo seu Centenario, no 85:

“inda a bagoa máis pura, mais sin direccion acusa ó poder”.

Inda os que choran sin sabelo están acusando ó poder i as mil formas de opresión i esclavitude, as mil formas de utilización do home.

Hai tamén formas enfermizas do sentimento que rexeitamos personalmente como o sentimentalismo i o saudosismo, as cales unidas o refinamento expresivo chegan a producirnos alerxia.

Pero unha cousa é o inevitable sentimento e outra a recreación sentimental. Hai que ter cuidado coas últimas correntes de influencia portuguesa, coa mania sentimental i a finura formal i o distanciamento da común realidade social, coa excesiva depuración expresiva formal de cuño alleo.

Mais inda hoxe cando todo se vai unificando, inda hoxe se nos recoñecemos galegos recoñecemos por unha especial calidez que denuncia o corazón e que está na base da soli-

daridade popular. E que está na nosa poesía histórica, i é o que pudera chamarse o noso estilo: “sinto logo existo, logo estou vivo”.



daridade popular. E que está na nosa poesía histórica, i é o que pudera chamarse o noso estilo: “sinto logo existo, logo estou vivo”.

A vitalidade da terra i o sentimento diante da Historia i esa rara capacidade de transformar a diversidade en unidade, a certeza en dúbida, o patetismo en sorriso, son o selo entre nós, dos que non se avergoñan nin esconden da sinceridade e do que se chama humanidade. Dos que se resisten ó cinismo.

O mundo e o home é diverso, sabemos que é diverso pero hai un clamor pola unidade. Somos individuos mais somos tamén pobo común.

Escutade como cantaron sempre os galegos, escoitando recoñeceremos como tales.



A resistencia cultural ao franquismo

[tres cartas sobre o
impublicábel “Vietnam canto”]

Monforte de Lemos, 16 de Samartiño de 1968

Sr. D. Eugenio Novoneyra
CAUREL

Querido Novoneyra:

Andamos xa a voltas coa COLEIÇÃO VAL DE LEMOS. Están a punto de saír --dentro de dez ou doce días-- os primeiros libríños que son, como sabes, do Diéguez e mais meu. Agora compre preparar os vosos cadernos: O de Roberto i o teu ou ó revés. Co Roberto teño que falar xa que ó entregarme os seus orixinaís veñen algús poemas en castelán que non estou disposto a editar por dúas razóns: a primeira é que somentes editarei cousas escrusivamente en galego i en segundo lugar é que, si fas unha concesión ó castelán, comenzarán a botárche-se derriba tódolos versificadores do país.

Como eu ando toda esta tempada dabondo ocupado é ben que fagas dúas copias do teu libro --pois supoño que no Caurel tés vagar dabondo-- pra mandar a censura. Ademais é realmente complicado o facer as copias como as queres tí. Unha vez feitas as copias pódelas mandar a Madrid ó Ministerio de Información e Turismo acompañadas da instancia que che remeso. O mandalas tí do Caurel simplifica as cousas. Si queres que as mande eu, unha vez feitas as dúas copias, tampouco teño inconveniente ningún en facelo eu. Soi hai un orixinal eiqú e fanos falta tres: un pra imprenta, outros dous pra Madrid pra que os vexa a censura. Eu, dende logo, sin mandar o orixinal a Madrid, non o edito. A onde hai que mandalo as señas son: Registro del Ministério de Información y Turismo. Madrid

Así chega. A instancia hai que poñerlle unha póliza de 3.

Esto é todo pólo momento.


¿Qué tal vai tua nai? ¿I o pai? ¿Traballas moito?

Saúdos garimosos de Saleta e meus pra todos.

Unha forte aperta do teu vello e bó amigo.

[Sinatura de Saleta e de Manuel María]

Anotacións, apuntes e textos para
dicir en público e en privado que nos
axudan a situar ao poeta





Uxío con Manuel María, Paco Martín, Fernán Vello e Francisco Pillado na Alameda de Santiago no 1987



O CAUREL
22/XI/68

QUERIDO MANUEL: Xa non é menester copiar o VIETNAM CANTO pra mandalo á CONSULTA previa. Il xa estuvo no MINISTERIO DE INFORMACIÓN e sabe a resposta, que é do máis "tajante". Lei senón os primeiros renglós desta carta de ANGELINA GATELL promotora do volumen coeutivo "CON VIETNAM", no que il debía figurar:

"Madrid /28/X/68

"Estimado amigo: "CON VIETNAM" ha sido autorizado con condiciones. Algunos poemas han salido muy mal parados, cinco de ellos arrancados de cuajo. Uno de esos cinco es el tuyo. Es un hermoso poema. Intolerablemente hermoso por lo visto."

Como podes ver sería ridículo insistir. A censura, en canto á Poesía, aceuta un límite de protesta, unha protesta debidamente dosificada. Non o que realmente "pincha" donde a eles lles doi.

"PAZ en carteles xunto a COCA-COLA"

PAZ

Prá tapar tanto, tanto,
muro"


Era demasiado

Se ti o estimas procedente, pode substituírme no emparexamento con ROBERTO ANDRADE LOBOLEMOX o poeta de Pontedeume RAMÓN REGUEIRA, que ten reloxos poemas de tipo social como parente e veciño que é de ROI XORDO, un diles o titulado "A MIGUEL HERNANDEZ" Ademais tamén é gran amigo de ROBERTO e contentaralles ir xuntos. Os dous teñen o meu ver a requerida calidá.

Mándame a direución dos componentes da nova canción galega. Tamén a de algún estudante do grupo progresita galego, pois a min estravióuseme a de Reguera co que mantiña contauto. Teño pra eles a LETANIA GALEGA pra coro de mil.

Um saúdo pra Saleta, un abrazo pra ambos.

O meu pai ben. Miña mai cada vez peor. Nin unha maldición bíblica.



Homenaxe que AS-PG e a CIG lle fixo a Uxío Novoneyra no marco das Xornadas de Lingua e Literatura en abril de 1999. De dereita a esquerda: Alberte Ansedé, Manuel Cardevilla, Elba Rei, Manuel Caneiro, Cesáreo Sánchez, Eduardo Álvarez, Manuel María, Saleta Goi e dúas persoas máis. Uxío Novoneyra no centro

TRECE DE NIEVE REVISTA DE POESIA

Hilarión Eslava, 56 * Madrid - 15

28.1.73

Uxío Novoneyra

Parada do Caurel

Lugo

Querido amigo:

Te rogamos que nos discupes por tan tardía resposta. Leímos con sumo interés los dos poemas, especialmente "Vietnam canto". Nos enfrentábamos, para su publicación, con dos problemas: el de extensión, excesiva contando con las colaboraciones que ya teníamos, y el de censura, siempre imprevisible. Pensamos añadir un cuadernillo para la versión gallega de "Vietnam Canto", descartándolo después por razones económicas. Al mismo tiempo, y de ahí el retraso en contestarte, hacíamos consultas oficiosas, por llamarlas de algún modo, sobre los posibles problemas con una eventual censura del poema por sus alusiones a la paz española y a la Galicia-Vietnam "asoballada". Las personas consultadas nos afirmaron en el peligro existente, que nosotros debemos evitar especialmente, dada la precariedad económica en que nos movemos y el daño que nos supondría un secuestro de un número. Quizá esto no sean más que hipótesis, pero por las razones anteriores nos vemos obligados a esta autocensura, que otra revista más fuerte podría desatender.

Tenemos prácticamente planeados los cuatro números próximos. El 5 irá dedicado a poesía norteamericana de los años 50-70, y el 6 será misceláneo. Si quieres enviarnos algún otro poema para éste último, podríamos ponerlo sin problemas. De todos modos, prepararemos para más adelante un número dedicado a la poesía gallega (nº 9 o 10), y esperamos tu ayuda y colaboración.

Te adjuntamos el número aparecido.

Un fuerte abrazo:

[Sinaturas de Mario Hernández e Gonzalo Armero]



Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

O Partido e a lingua

[Escrito para o xornal Diario de Galicia]

Non sólo ós responsables, membros ou simpatizantes dos chamados partidos ou grupos nacionalistas, senón que a tódolos galegos incumbe unha responsabilidade e deber tan elemental como é conservar a Lingua propia, avalado por ise sentimento universal de pertencencia a un pobo, do cal a propia Lingua é forma.

En canto aos chamados grandes partidos centralistas ou estatales, a súa postura é nun caso escasamente pro galega en materia Lingüística e no outro, nin disimulada, mais ben marcadamente antigalega. O único que fai e prexudicalos a longo prazo en igual medida que iles retardan ou imposibilitan o proceso de normalización. Pois o feito de que Galicia perda identidade e diferenciación linguística failles ós que eiquí gobernan perder poder ante o Goberno Central i o aparato do Estado. E ós que non gobernan na xunta failles perder poder no aparato central do seu partido. Por outra parte ambos teñen amplios sectores pro Lingua Galega nas súas filas, creando nestes sectores un estado de mala conciencia, do que máis ou menos tarde un partido se resinte.



Con Manuel Beiras no 1989

Non é peregrino pois aventurar que a reivindicación decidida da propia Lingua beneficia a calquer partido político por canto pacífica o sentimento de culpa e atentado contra o propio que sempre é forte nun pobo como o noso de lingua amenazada ou problematizada.

Según se fixo unha galeguización indudable dos medios de difusión audiovisuales dependentes da Xunta, que se faga algo parecido no campo da Educación e que o conocimiento suficiente do Galego sexa unha exigencia en toda a Administración autonómica. Resultaría coherente coa proposición de Administración Única. E é factible por canto o poder do Presidente da Xunta dentro do seu

partido, incluso a nivel estatal, lle permite facelo tan axiña como o decida con carácter de urxencia.

Todo parece apuntar a que o problema da Normalización Lingüística se solucione racionalmente. Inda que o noso semella un pobo cunha mínima conciencia nacional activa, non por eso deixa de ser un pobo aínda moi enteiro. E hai que pensar que vivimos nun intre histórico no que máis que nunca os pobos clamean polo autogoberno e reivindicán os seus dereitos nacionais, entre eles o respecto a súa peculiaridade lingüística, como a marca máis patente da identidade e signo do seu fondo común.

Uxío NOVONEYRA / Nadal 1992



Falándolles os das Xornadas de Lingua minoritarias de Europa

NUNCA a lingua Galega tivo maior e mais insuficiente promoción pois nunca se viu máis ameazada. Como é de sobra sabido, agora tamén está ameazada eilí nas aldeas onde secularmente estuvo a súa reserva inatacable. E se non se establece a galeguización das cidades, desgaleguizaranse as aldeas.

Só a voluntariedade de algunhas organizacións e de algunhos colectivos de insinantes i escritores e algunhas individualidades sosteñen a defensa fronte a presión estatal de desgaleguización ou de galeguización aparente. Anque o estado considere oficiais ás linguas minoritarias inscritas no seu territorio non as potencia de feito.

Os grandes partidos políticos de dimensión estatal non sinten o problema e só fan simulación verbal de atendela e ás veces nin eso senón todo o contrario. Algunhas persoas illadas de ises partidos non teñen aver-



sión ás linguas minoritarias da minoría a que pertencen, mais ó saber que o aparato central do partido é contrario a promoción da mesma, elas absteñense dunha acción nise sentido pra non ser marxidados.

Só os partidos nacionalistas se sinten responsabilizados, como de propio interés e teñen incidencia activa. Mais en Galicia dase o caso de que non teñen demasiado poder.

No mundo da literatura o uso da propia lingua é cáseque total. Sigue dándose unha grande fidelidade á lingua propia e unha gran actividade creativa. As xeneracións sucédense sin ruptura. Inda que as axudas i o recoñecimento non é grade pros que entregan a vida a Literatura, cáseque

a unha Literatura como misión ó longo da vida. Hai si premios e axudas concretas que non fomentan a mellor literatura, senón unha literatura para cobrar puntualmente.

As axudas as Asociacións de escritores son escasas e concedidas a des tempo e nunca seguras pra facer unha programación previa e desenrolar unha creación eficaz.

Compostela, vrao 1989
Novoneyra

Arriba, co pintor Blas Lourés no 1976

A esquerda embaixo voda de Uxío e Elba o 5 de xaneiro de 1973



Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

Muller, traballo, palabra

Recital Lugo.

1990. 8 de marzo

Estamos celebrando o día da muller traballadora e por eso eu escollín para este recital dous poetas que foran mulleres e que o mesmo tempo o seu canto estivese alimentado pola cultura, pola tradición popular. E que foran elas mulleres traballadoras i entre mulleres traballadoras. Cunha relación cotidiana coas chamadas mulleres do pobo, do que antes se chamaba da gleba, co que logo deu en chamarse mundo do traballo.

Denantes, en Galicia, se había algo respetado, incluso mitificado era o traballo. Niste pobo tan entregado ós poderosos, ós detentadores de algún poder, e o mesmo tempo tan crítico e irrespetuoso e inda maledicente, o traballo, e mais ben o traballo manual, visible, era o único outorgador de dignidade moral.

Ate fai ben pouco a xente do común, inda cando estaba de viaxe de domingo ou de festa non paraba de falar do traballo, dos traballos. Soltaban o traballo das maos e collían na boca. Chegaran a conclusión mais que de organizar o traballo, a de que non se podía parar de traballar. A da tarefa incesante.

Esto era mais patente, claro, na Galicia rural, na que estas dúas poetas que escollin pra deciros hoxe tiveron a súa infancia ou viviron longo tempo, o tempo pra asumir a súa concencia colectiva i a súa concencia profunda, xunto coa súa língua, a nosa lingua galega, "A fala" que en ambos casos se alternaba coa castelana, coa castelán.

Unha destas dúas poetas, é a mais conocida de todos nosos poetas -inda que non totalmente interpretada. Mailos poetas deben ser interpretados por cada un. Unha é Rosalía Castro cuio nome chegou a confundirse co de Galicia. E outra é María Mariño "esa gran descoñecida". Unha, Rosalía, canta ao mundo i a vi-



Uxío con Koldo Izaguirre no Parador de Gondomar no 1986

da dende a vida; e a outra canta da mocidade, os soños da mocidade, "As galas de un día" ... xa dendes do outro lado.

Rosalía é un caso extremo de concencia individual e de concencia colectiva. Coñeceu ben os tres estamentos da sociedade do seu tempo. Coñeceu o pobo aldeán, rural, pola súa infancia en Lestrove. Coñeceu a fidalguía pola súa estanza no Pazo D'Arretén, a casa da súa mai e coñe-

ceu a vida das cidades e da clase ilustrada polos seus estudos, polas súas relacións literarias e polo seu matrimonio con Manuel Murguía, o historiador.

E coneceu todo isto intimamente é dicir vivíndoo. É dicir a traveso dunha longa experiencia. Ela é unha das galegas mais cultas do seu tempo. E ademáis da chamada cultura depredada, estivo aberta e asumíu a cultura popular. E solidarizouse ben



consentemente co pueblo co pobo seu.....

Rosalía é unha profunda desmitificadora. E todo profundo desmitificador é que foi denantes un posuído dos mitos e dos sonhos, un extremado do entusiasmo e da ilusión.

Rosalía con tantas experiencias de tantos ambientes vitais era unha escoitadora das doloridas mulleres até sentir os problemas de elas como seus, según confesa ela mesma.

Tivo a experiencia, non doada polo que parece, do matrimonio i a de ser nai de prole numerosa e de non excesivamente boiante economía por eso supómonos “as que pasou”.

E decir que tivo unha vida con tódolos problemas capaces de derribar os máis altos sonhos e déndes de logo tódolos sonhos ilusos. E todo esto xunto a unha gran sensibilidade individual e social.

Foi toda unha do seu tempo que era tamén xa un tempo de crise e de cambeo e como fin tuvo a esperencia da enfermidade que e o que mais transforma aos seres humanos: os homes i as mulleres. A evolución interior na enfermidade e rapidísima.

Así se explica que Rosalía seña un dos poetas de máis diversa voz. Poeta da door existencial -antes do existencialismo-, poeta social, poeta da paisaxe...

Mais eu non veño eiquí facer unha interpretación analítica e desmenzadora que non son un profesor nin un investigador sistemático, eu viñen pra facervos unha lectura emo-

cionada, si vos e máis eu aínda somos capaces de emocionarnos en contauto, pra que sexan eles, os seus poemas os que nos amosen a súa experiencia profunda, a súa humanidade batida, a de quen vive sin coraza, sabedor quizaves, de que con coraza ou sin ela non hai mais defensa que o propio entusiasmo, que o entusiasmo que poda sosterse cos ollos abertos, como o voso entusiasmo de traballadoras que tratades de organizarvos fronte o poder do estado ou do capital.

Ela foi batida por tódolos ensoños, por todolos problemas, por totalas doores, por totalas carencias e perdas. E de todo eso fixo a súa forza de muller plena, de ser humano plenamente consente, de galega rasa e universal.

Recitareivos, direivos, poemas do seu libro de madurez “Follas novas” [poemas]

Según Rosalía no século XIX nos canta a vida, dende a vida. María Mariño no século XX, as veces no seu último libro galego, en “Verba que comenza” parece que xa nos canta dendes do outro lado. É un canto do recordo como unica riqueza somos inda donos de canto vivimos plenamente, da infancia, da mocidade: do que ela chama “as galas de un día” As galas de aquel bon día de terra... Donos inda dos sonhos xa perdidos e voltados porque eran verdadeiros, donos da dádiva de toda a natureza terra. Donos dos tres tempos, presente, pasado e futuro, nun mesmo tempo. E todo eso estaba gardado na palabra.

María Mariño descubriu a palabra, encontrou a palabra xa na idade madura e a súa mesma palabra valeulle pra desvelar o seu misterio i encontrar a riqueza de todo o vivido como un don gardado e nise don estaba a forza primeiro, o pulo orixinal da vida.

Por eso nos di pouco antes de morrer como asombrada

“é outono i en min nace primavera”

Nunca o desencadenarse da palabra no canto, o pulo órfico foi mais unha ascusión e unha salvación.

Nunca eu ofín a ningún poeta despedirse do mundo e da vida, da natureza-terra dunha maneira tan conmovedora e plena, ca forza xunta de todo o vivido. Ca promesa realizada que alimentou os máis remotos ou recentes sonhos. E todo, repito, salvado polo canto, pola palabra viva.

Nen que o mesmo orfeo cantara nela polos que non teñen voz ou canto final. I este fora un canto de plenitude anque doloroso.

Parecía que a muller-home o home-muller non podería convivir conservar tal orgullo de ser ó final, conservar toda a forza primeira.

Habería que ver o que nesta seguranza influíu o que María Mariño Carou fose según dicen de moza, unha muller belida e así o sentise e crese.

Como se lle dixese a terra: douche gracias por aquela miña beleza e pola beleza túa e pola forza que a alentou e que seguirá por siglos como o sol. Anque eu pase. Anque a loita pola vida foi dura douche gracias.

Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

O escritor e o idioma

23 de setembro 1995 III Congreso de Escritores Galegos

Escoitei estes días repetida grande inseguranza sobre do futuro da Língua. Zozobra que racionalmente eu tamén comparto, pois o perigo é demasiado evidente pra ifioralo e sobre todo pola información e comunicación instantánea e multiple a ámeto universal. Pero as veces o perigo máximo supón unha reacción ou resposta máxima e atenta, avisada. E o resultado pode ser o contrario, unha reacción universal de autodefensa das etnias alertadas. Refírome ás etnias-linguas, con lingua propia, como se dice.

E básome na escura seguranza. Esa escura seguranza que malia a todo sentimos. A certeza escura da perivivencia do noso ser galego.

Mentralos poetas i os narradores, que son outra maneira poética, sigan escribindo en galego estade certos polo menos da posibilidade de salvación. Ninguén escribe pra unha segura futura lingua morta. Remítome a un verso das elexias do Courel “¿Por que a esperanza?... Ela sabe algo que un ifiora”.

Ahí temos toda a poesía galega contemporánea tan elexiaca as veces e tan desengañada, dendes de Rosalía ate hoxe. Quizaves todos ises poetas sentiron como nós agora o perigo, o inminente riesgo da lingua. Pero unha escura corrente os mantíña. Así, o lelos, a súa indudable tristura de moitas veces danos forza sempre. I esto non pode ser, senón é pola escura certeza de que malia a nosa morte individual estar maña vivos biolóxica i espiritualmente vivos nas xeneracións futuras.

E deixemos a incerteza, inda que ela volva dentro dun intre poilos poetas son os tipos menos ilusos do mundo de tan atentos o exterior i o interior e o reconto minucioso da memoria.

¿Como haberá críticos que tan alegremente con unha alevosía tan insen-



sata se atreven coa poesía sin unha mínima intensidade interior, experiencia profunda e suficiente memoria e humildade?. Eso que ven despois da experiencia, da experiencia sempre renovable. Críticos, como se dice, con ideas previas ou fixas, con clichés coñecidos e críticos non dados a lectura-apertura.

Un crítico non é mais que o último lector. Debera abrise á obra do poeta coa pureza do lector fervoroso e axudar e ese lector.

¿Co difícil que é acceder ó texto poético escrito! Texto que ten distancia incluso do que teimou dicir o poeta, o propio poeta autor.

Porque e sabido que non so escribimos coa nosa experiencia se non tamén coa experiencia de todo o pasado que xa está previamente na lingua, e inda coas posibilidades nosas que non esgotamos porque houbo que escoller sucesivamente unha sola sobre a marcha. Pero algo do que pudo ser e non foi queda resoando e métese no texto, e altera, modifica.

Por eso somos máis que nós mesmos, somos incluso os outros, e non so os outros homes se non os outros seres e inda as cousas ¡Todo!

Todo eso está no home, en calquer home, e alúmao con dificultade o poeta.

Por eso hai que ler as palabras como ofrecendoselles mais que como ofrecidas a nós.

Pois non nos foron simplemente ofrecidas como expostas, senón pra que rematemos a criación pois nin-gua é completa.

Pouco mais que un intento so aparentemente logrado.

Por eso a poesía rexeita tanto a pedantería. E a exposición lograda e todo o que non queda no aire pra que outro e outro o colla e defina.

Por eso inda os textos poéticos mais alongados na historia, os mais distantes, nunca son meros restos do pasado. Aínda están chegando a nós achegándose. Por eso non hai palabra poética última válida só por eso, senón simulación de vangarda, ou chámanse vangarda os seguidores do mais exterior das supostas vangardas. O que non quer tampouco dicir que non se identifique a palabra actual.

E virando algo a dirección diste breve discurso diremos que as linguas teñen unha maior ou menor tradición poética, disponibilidad verbal, ou orden verbal, posibilidade verbal e que non todo está no explicitado dicir, nin no recurso da vagueza pro que xa esta dito.

Nin vir cunha imaxe que se quede máis acó dun conceito sobradamente definido.

Pero si semella haber mellor disposición de certas linguas pra palabra poética.

É a longa labor dos poetas que escribiron ou faláron nela quen a volven habile, hábil. Non só dos poetas nombrados, se non a dos escuros supremos, antigos anónimos, facedores da lingua, os que se calmáron e nos colmaron o expresar algo novo.

A aqueles e a éstes a tódolos pasados galegos e non galegos que entraron nela se lles debe que a nosa lingua teña tradición poética. E que o poeta exceda sempre a si mesmo. E que a obra exceda ó poeta. Si, indudablemente, tamén sómo-los outros. Os outros nosos. E acabaremos quizaves sendo os alleos. Mais entón eles xa serán nosos.

A fala e o poder

Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

Lugo. Círculo das Artes. 13 maio 1982

Estamos, estanse celebrando estes días unha serie de actos entorno o día das Letras Galegas.

Nun solo día o ano, en Galicia os centros de educación i os medios de difusión de masas préstalle unha especial atención a todo o relacionado ca nosa fala i as nosas letras. Agora xa se progresou hai un día das Letras Galegas e un día da fala. Pero inda nestes días nin a radiotelevisión, nin a prensa se lles ocorre facer unha programación total nunha tirada total en galego. E, n'algunos órganos de difusión, nin total nin parcial. Xa nin tratan de cobrir aparencias. A nosa fala sigue pois conscientemente marxinada dos centros de cultura i educación, e sobre todo dos medios de difusión de masas totalmente copados polas forzas antigalegas e totalmente dedicadas ao servizo do inmovilismo, da paralización de todo intento de reivindicación e reconstrucción de Galicia, sobre todo canto iste intento pode sospeitarse amenazador.

Veño a dicir que a gran masa de palabras que bombardean diariamente a atención dos galegos están ditas i escritas noutra lingua, e sinalar a intención declaradamente antigalega que isto supón por parte dos responsables da educación, da cultura, da radiotelevisión e da prensa diaria galega. Hai unhos responsables desto, desta teima de desgaleguización do noso país. Desta teima de desgaleguización de enmascaramento, de desvirtualización da cultura. E sería, é unha omisión grave o calalo. Pois trátase de algo descaradamente patente.

Galicia esta sendo sigue sendo sistemática e conscientemente desgaleguizada que e como dicir enmascarada, e de pouco valen fronte a iste feito abusivo, antinacional, as muitas xentes fervorosas que luitan pola re-



construcción nacional galega, pola nosa cultura i a nosa imaxen dende as escolas, os institutos e a universidade, i algús dos pioneiros dos medios de difusión de masas. De pouco vale iste esforzo de cara a elaboración da conciencia da xeneralida do país fronte os medios de difusión masivos. O que ven d'arriba imponse. E neste país as cousas siguen vindo d'arriba siguen bobardeandonos dendes do ceo do poder.

Bueno... iste iba, vai a ser un recital de poesía galega histórica. Quero dicir obras de poetas que xa non están respirando isto, pero que o respiraron, eso sí astra a última. De aí ise tono de elexía, de tristura que tiñe casi toda a poesía galega, e que non é non un complacerse na tristura, como algúns quixeron ver.

Non fai muito tentei eu escoller para un recital algús poemas, dentre o corpus xeneral da nosa lírica, que se guindasen desa conta de tristura. Vin que era cáseque imposible e pensei: "Parece que o noso xeito é a tristura cando non a door. ¿Que pasa? Que cousa grave, profunda pasou e pasa nesta terra para que un fondo popular dado a plenitude vital fora tan seriamente atacado, que calquer mente minimamente crítica se tiñe

de tristura e sigue xa sempre dominada por ise tono?... Sí é imposible ou e cáseque imposible escribir eiquí un poema verdadeiro que non seña triste, eiquí neste querido país, a tristura e a conciencia real. Pero a tristura non e ningúa complacencia. A door i a tristura son unha acusación, unha profunda incontestable acusación contr'os que levaron e inda levan os fíos ou lles entregan as rendas os que de lonxe tiran de nos por un camiño alleo que solo a conduce i a eles sirve. Por eso a nosa conciencia ha de pasar pola nosa Lingua. Nela están rexistradas tódalas mancaduras da historia. Sólo nela nos reconocere-mos enteiramente e nos responsabilizaremos de cara o futuro. Por eso non hai nada millor de cara o sometimento dun pueblo como é o privalo de sua Lengua, como non hai nada millor para seguir enganando que privar da memoria a nosa fala. A nosa Lengua, é a nosa memoria viva, i a nosa poesía é a conciencia mais aguda desta memoria que inda é a realidade eiquí. I o sostén fixado máis forte da esperanza nacional galega de cara a liberación e a soberanía nacional pra enfrentar desde da nosa prespeutiva os vellos problemas, que fan do noso, un dos pobos de maior

índice de emigración do mundo e dos mais sometidos a rede caciquil do estado, dado o deterioro moral que supoñen tantos siglos de sometimento, de información i educación desviada.


O deterioro moral sempre foi terre abonado pra aución dos caciques; de non erguernos d'esto seguirannos xuncindo a unha política allea, na que nunca teremos maior decisión que a que recentemente se tuvo na elaboración do estatuto, o estatuto diles...

A poesía galega foi sempre a nosa voz, as veces a única voz, no meo do desamparo histórico deste puebo que así perdeu o sentido de solidariedade, xa aló no século XIII, un rei de infancia galega, que e tanto como decir de alma galega, o rei sabio Alfonso X, botáballe en cara ós nobles, os grandes de entón, a súa falla de solidariedade ó viraren o seu poder contra o propio puebo en vé de dirixilo contra dos mouros, nobles egoistas, pretenciosos que puñan vedas e pechos nas terras da súa dominación, cando non se adicaban ó máis descarado pillaxe; furtándose da loita na fronteira que entón era empeño común:

O que da guerra levou cabaleiros

.....

I atendede agora... resulta pasmoso i enternecedor como un rei pode chegar a iste grado de sinceridade de cara o deterioro social, o pozo de alacrás -estas son as súas palabras- o círculo de poder que os nobles pechaban entorno dil. E como renega das armas, no primeiro alegato pacifista sincero/ que eiqui se escuitou en boca dun home de estado. Il que-re viver as terras / io mar da sua infancia, un traballo de simple mercadeiro trasumante que o libere das acechanzas do pozo de alacrás que é o círculo de poder dos nobles que o atenaza. Eiqui aparece tamén a soledade galega, que inda que xustificada é sempre un mal social de graves consecuencia históricas. Escoitamos a aquil sabio e simpático rei, que sí foi noso e galego cabaleiro.





Non me posso pagar tanto
do canto
das aves nen de seu son,
nen d'amor nen de ambiçón
nen d'armas -ca hei espanto,
por quanto
mui perigoosas son,
-come dun bon galeón,
que mi alongue muit'aginha
deste demo da campinha,
u os alacrães son;
ca dentro no corazón
sentí deles a espinha!

E juro par Deus-lo santo
que manto
non tragerei nen granhón,
nen terrei d'amor razón
nen d'armas, por que quebranto
e chanto
vén delas toda sazón;
mais tragerei un dormón,
e irei pela marinha
vendend'azeit'e farinha;
e fugirei do poçón
do alacrán, ca eu non
lhi sei outra meezinha.

Nen de lançar a tavoloado
pagado
non sōo, se Deus m'ampar,
aquí, nen de bafordar;
e andar de noute armado,

sen grado
o faço, e a roldar;
ca máis me pago do mar
que de seer cavaleiro;
ca eu foi ja marinheiro
e quero-m'oimais guardar
do alacrán, e tornar
ao que me foi primeiro.

E direi-vos un recado:
pecado
nunca me pod'enganar
que me faça ja falar
en armas, ca non m'é dado
(doado
m'é de as eu razõar,
pois-las non hei a provar);
ante quer'andar sinlheiro
e ir come mercadeiro
alg_a terra buscar,
u me non possan culpar
alacrán negro nen veiro.

Seguimos por cantigas de amor e
amigo da escola trovadoresca galego-
portuguesa.

Saltamos ágoras da gran poesía
trovadores dos siglos XII, XII idade de
ouro das nosas letras, e sobre o silen-
cio da nosa decadencia nos siglos do
imperio español, e vímonos ó siglo XIX
ó renacemento dos precursores, a Ro-
salía, Pondal e Curros, cando o pueblo
galego toma de novamente voz.

Xornadas pola liberación de Galicia 13-2-1988

O arte ou a literatura especial-
mente a poesía, as veces non persi-
gue outro fin que o da pura expresi-
ón que tamén é un xeito de
liberación, pero cando persiguen in-
tencionadamente un, xunto co da
verdade, o fin mais alto que poden
pretender calquer arte ou literatura
e o da liberación.

- A liberación do poder.
- A liberación do pasado inútil
xa que o pasado útil chamase
memoria profunda, fondo co-
mún, tradición ou herdo cul-
tural.

O poder como groseira imposi-
ción, como e cáseque sempre, inclu-
sive o poder forzadamente elixido
cando este non leva co íl unha pasión
liberadora: é o exercicio da forza bru-
ta inda que disimulada tras a preten-
dida dignidade de certas institucións.
É moi difícil lexitimar o poder e o seu
exercicio degrada, non hai mais que
ver como cambia en pouco tempo a
face dos que o detentan, alleos a pa-
sión da liberdade i a xustiza.

E falando do pasado útil Galicia
ten unha gran sensibilidade pro pa-
sado, están a tradición i o herdo cul-
tural i o que eu chamo o pasado pro-
fundo, que ten como forma máis
patente a lingua propia dun pobo.



Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

A independencia do intelectual



O galego es as leis Galería Sargadelos (1991)

A "Asociación de Escritores en Lingua Galega" hoxe, con iste acto de presentación do libro "O Galego e as Leis"/. Aproximación sociolingüística, obra da profesora de Literatura e parlamentaria galega Pilar García Negro, publicado por Edicións do Cumio na sua sección de Ensaio, inauguramos unha serie de presentacións, mesas redondas, lecturas, recitais, mostras varias e outros actos en colaboración coa Galería Sargadelos de Santiago, verdadeira Casa da Cultura desta Cidade, cálido e fluínte lugar de encontro cultural aberto a todos / sin que neste a verba exceda/.

Achegar a Arte, a Cencia, a Literatura i en xeral a cultura á sociedade galega é ofrecer unha tribuna libre non controlada por ningún poder, mafia ou facción. O cual ten o seu valor, pois cá chegada do primeiro diñeiro público pra incentivo e movilización cultural, estamos asistindo a unha promoción interesada de intelectuais, escritores e artistas que reci-

ben axudas segun a súa maior aceptación das premisas dos diferentes poderes -político, económico, universitario e ás veces de faccións extendidas en todos eles. Según o grado de afección ou a capacidade de sumisión a esas premisas, crara ou subrepticamente. O coal está facendo que a liberdade e iniciativa de creación e de pensamento, inda non sendo tan precaria como antes, esté máis condicionada que nunca, e que os que mateñen a sua independencia e liberdade, sufran marxinación, por non someterse ó criterio de esas faccións extendidas que avanza os seus peós, sistemática i estrategicamente nos diversos centros de decisión e control cultural.

Por eso estamos ledos de ter esta tribuna na Galería Sargadelos pra AELG. Pola nosa parte esforzarémonos en mantela libre e desinteresada e sin sumisión a ningún poder, por respecto a propia dignidade humana e a imaxen soñada, previa, de Galicia.

E déixolle a palabra ó presentador, ou o presentador do presentador que nos farán, que nos fará detida lectura da obra con amor e dendes dunha experiencia próxima.

Só señalar que ó tratarse dunha tesis doctoral será o producto dun

estudio detido e riguroso. E por outra parte unha experiencia vivida na profesión cotidiana longa, e no longo activismo político e loita social.

No movemento de reivindicación nacional, de recuperación de Galicia en tódolos ametos, principiando pola sua Lingua e Cultura, e pola inda soñada igualdade dos homes e respecto do dereito dos pobos. Soñamos o noso Futuro dendes da experiencia do Pasado. O Pasado, a profundidade do Pasado, solo está vivo na Lingua. Non so e o xeito dun pobo senón que garda incluso o acento a presenza i a figura de tódolos que a falaron. Por eso nos move i e sagrada pra nós. O mais sagrado. Quizaves o único sagrado despois de toda a desmitificación e desacralización habidas.

Coa vosa palabra quedará efectivamente inaugurada esta humilde pero aberta tribuna libre da AELG na Galería Sargadelos.

Conciencia de nación

Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

Palabras pra dicir en Vilafranca

21 de Agosto 1994. Teatro Vilafranquino

Clausura da II Xornadas de Cultura e Lingua Galega no Bierzo

ONTE sentín por primeira vez o Agosto deste ano. Sentín o alto Vrao da Galicia Interior. Algo que só eiquí se poder sentir. Algo que se sinte só ás veces, e que sendo físico non é só-lo físico, pois está cargado do ser dos que no pasado longo sentiron o mesmo: Sentiron o clima como patria, sentiron a patria como clima, sentiron a pertenza a unha terra, a un ámeto natural e íntimo, a unha Lingua habitual, a unha Fala. E todo esto nunha sensación, nunha impresión única: a impresión do propio país, da propia estensa comarca e de todo o que nela e dendes dela vía e sonaba antes, cando os modernos medios de comunicación aínda non taparan o que constitúe a realidade e a mítica xuntas da propia terra.

Parece que o home actual a pór de desarraigado -a lei económica impón o desarraigo, a emigración de todo tipo- xa seña escuramente, sentimentalmente, xa conscentemente, clamea pola propia terra orixinaria, pola propia lingua, polo pobo de nacemento. E aí están as grandes migracións estivais, o retorno dos emigrantes que de Europa baixan cara o Sur ou cara as zonas menos desenvoladas. É a chamada da propia nación: esa cuxos límites ás veces se teimou esquecer ou borrar con caprichosas divisións administrativas coma no caso de eiquí.

É palpable en todo o Mundo a volta da pasión e da conciencia nacional das vellas etnias. E toda represión desta pasión ou conciencia nacional por parte dos estados



plurinacionais, provoca violencia a curto ou longo prazo. Son os estados plurinacionais ca súa teima da unidade lingüística e na uniformidade os responsabeis do nacionalismo radical cuxos Gobernos centrais logo tanto critican. Mai-la reivindicación nacional dos pobos é unha corrente imparabile, pois canto máis se achega a uniformización universal empuxada pola información a escala mundial e polas migracións máis se resisten a perder a súa identidade.

Esta reivindicación da propia nación (xa no século XVIII o Padre Sarmiento natural de eiquí de Vilafranca se automeaba galego de nación), da propia Lingua-Fala e da propia cultura, fai que nazan por todos lados, onde ela está máis en perigo, organizacións ou asociacións como esta da ESCOLA DE GAITAS DE VILAFRANCA DO BIERZO que non atenta contra nada, que só-lo fan reivindicar o propio, mostrando neste caso a evidencia de que existe un Bierzo Galego.

A chamada franxa do Galego Oriental do Leste de Lugo e Ourense e do Oeste de Asturias e León prolongada disque ate máis alá da provincia de Zamora, non é unha entelexia, é unha marca lingüística, unha pervivencia forte, anque con peculiaridade,

dunha Lingua común. É algo que todos saben e repiten. Non é o invento de ningunha faución. Non é inventado o problema do Bierzo Galego.

O Bierzo Galego! Os últimos montes e a última chaira de Galicia atravesadas polo Camiño de Santiago...

DESCRIPCIÓN DO CAMIÑO

“Pasadas tódalas Francias
Por Ocitania ou Gascuña,
ou de París a Iruña
xa diluidas distancias.
A Aragón por Cataluña
ou polo Norte por Son.
En pasadas Navarras
as cadeas e as barras.
Pasados León e Castela
Por Castela a León.
En pasado Monte Irago
E xa en Lingua de Galicia
Ponferrada e Vilafranca
deixando a chaira Estanca
e nas mesmas portas dela.
O Valcarce e sin perguicia
/as penas de garamela/”
apeitar para o Cebreiro
polo marcado carreiro
que a neve volve vago.
Encarar o porto incerto
o longo cerengo aberto.
A un lado i outro del
todo o horizonte en vela



Os Ancares i O Courel.
Pasada Triacastela
do Iribio as faldras fago.
E por Samos Sarria a Lugo.
Oh Lugo a ti me adugo
e sólo por ti me arredo
que ben mereces desandes!
Ver a Ponte a Antiga Vía
a Muralla a Catedral
de Dona Santa María
o coro e o Grial.
E ver fincadas rezar
coma co antigo medo
poñer a súa alma núa
didiante dos Ollos Grandes.
E despois de rodear
de rodear e de estar
que non se fai o Camiño
sólo para o rematar
cruza e debruza no Miño:
Portomarín sulo lago
Palas Melide Arzúa
e logo xa Compostela
Monxoi! Eoi! Ei Santiago!***
e parame á vista dela
mirar como eu o fago.

***"Ou polo Norte, por Son" alude ó paso po SOMport.

***"As Penas de Garamela": penas colgando.

***"EOI: Expresión de xúbilo medieval que xa se dicía en Roma.

Cando eu era mozo eiquí en de lado,
na Terra do Courel, na Serra do Courel,
miraba cara o Leste, cara Vilafranca,
e vía os tesos marelos do sol-por
pra Boca do Couto:

Montes do Leste
o sol que esvece...

ou cando se toldaba o ceo pra chuvia:

Nebras de verlo de ovella
cardiadas brancas e mestas!

Ollándoas altas traspor
riba das taras marelas
un soña nas lonxes terras...

E desde da Campa da Lucenza ví-
as as terras de cara Oencia i o Bierzo:

Carqueixas uces e penas!
Camiños da serra aberta
pra lonxes terras de serras!

Terras altas e craras
da Lucenza
onde se ollan cerca
as serras lonxanas!

E cara Vilafranca soñaba o Mundo
i o Futuro:



Vaí polo monte o camiño
outeando coma un louco
polos caborcos do val
i as poxas do taramouco.

Cruza solo a serra toda
sin levar outra compañía
que a gran presenza do ceo
sobre o silencio da braña.

Eu non sei pra onde vai
Méntre-lo quedo mirando.
sólo sei que eilí se compre
o soño que estou soñando.

Eu non sei porque soñaba sempre
cara o Leste. Quizaves atraguido
pola pura forma da serra ou pola chamada
aínda dun engado romántico
que non acaba de rematar...

Regresando ó concreto da situación
xeográfica e do tempo histórico,
cando nos anos anteriores ós corenta,
do Courel se tiña que saír a unha vila
grande, estaban á mesma distancia
Sarria, Quiroga, O Barco de Valdiordes
e Vilafranca. Pra aquí viñan os arrieiros
ó viño i os vendedores de cabalos.
Era pois vila habitual da que se contaban
cousas. E na miña mente de neno
estaba pousada nunha distancia íntima,
realizable. Quero dicir que estaba
neso que chamamos a redonda. Era
terra de un que logo se distanciou ó
dirixírense as vías de comunicación
pra outro lado ó deixarse o cabalo.
Por eso comenzo a cobrar irrealidade
e purificarse na memoria e cargarse
de prestixio antigo. Pero sin que caise
nunca fóra do meu tempo nin fóra
de Galicia.

Logo, como unha superposición de tipo ideolóxico e dato oficial, soupen que senón na Galicia administrativa, Vilafranca era Lingua de Galicia, a que falaron os homes que a construíron. Os mesmo que fixeron a Lingua que nos fixo e na que logo quedaremos cando se esqueza o noso nome e o noso rostro.

Levo con gran orgullo e con gran teima o de poeta desta Fala Galega Oriental de labradores que garda o xeito, a forma das terras do Leste onde hoxe Galicia acaba en soave transcurso.

O meu sonho cara o Universo-Mundo e cara o Futuro soñeino, repito, mirando cara o Leste coma na lenda fundacional desta vila que lle ouvín a unha muller da Seara do Courel:

A onde vás vaca branca?
Onde ti pares será Vilafranca.

Díxome tamén que na súa aldea había un sitio que se chamaba Covallo da Dona Briosa. I eu vía unha dona moi fremosa, muller de aire e teitos altos, que tras acucharse unha noite naquíl refuxo seguía pra Vilafranca...

Quero lembrar eiquí tamén ó Galo de Val de Fariña, labrador sonado e tratante de feira, que viviu todo o que vai de século, ate fai pouco, e me contaba o meu pai, que ó cruzar mozo esta vila, na primeira mañá dacabalo da súa égoa, facía o canto do galo ó longo das rúas... Maxinalo pola Calle da Auga.

Ogallá sexa aquil canto o ventar da esperanza-que-teima pra Vilafranca, pro Bierzo, pra Galicia e pro Mundo. Teima coma a dos homes de antes que nunca se entregaban a pesares da vida dura e do inmediato previsto.

E poño eiquí, pra vós e pra rematar, outro verso meu, tras dun silencio que todo pasado inclúe:

E inda é nova a Terra!
Inda é nova a Terra!

Nota: os poemas incluídos son todos do libro *Os Eidos*, menos a Descrición do Camiño que pertence a *Ámeto Mítico*.



Recital de Lalín 13 de Maio de 1992

Eiquí vimos celebrar unha vez máis a xeira das "letras galegas"

¿Por qué se celebran "as letras galegas"?... O ano que ven cómprese trinta anos de esta celebración. Pois van xa trinta anos dende que se celebrou o primeiro centenario da publicación dos Cantares Gallegos de Rosalía, o 17 de maio de 1963, como todos sabedes.

Celébranse as letras galegas, pola preeminencia que os escritores en lingua galega tiveron no descubrimento, remarcamento e definición da identidade galega, poderíamos dicir personificada na lingua, na definición da identidade e na formación da conciencia de Galicia e do concepto Galicia Nación. Conceito que xa estaba no padre Sarmiento que se decía "Galego de nación" pero que logo foi afondado para remarcar o de reivindicación nacional. I o de liberación nacional progresiva, pois denantes había que liberar as mentes, das que estes conceptos de conciencia propia, de conciencia nacional, foran borrados.

Ate o límite que inda hoxe o pobo galego non sinte con urxencia o seu problema nacional. Aínda hoxe cando cáseque tódolos pobos de Europa e do vasto imperio Ruso o estan sentindo agudamente. Poil-os pobos. Tódolos pobos clamean pola súa liberación e contra da súa absorción.

Non e por prurito nacionalista, é por unha básica conciencia de dife-



rencia, por unha básica conciencia de comunidade e por un código histórico tan profundo como é a lingua propia. Inda que tamén hai pobos que perderon a súa lingua e que manteñen a súa conciencia nacional.

Asistimos como digo a unha patentización, a unha evidenciación mundial dos pobos e do sentimento nacional que inda que este adormecido por séculos, acaba sempre resucitando.

E sólo o pobo galego que curiosamente mantivo viva a súa lingua, non fai patente masivamente iste sentimento que é universal e que hoxe está reclamando unha formulación política pra cada etnia e inda formas máis ou menos decraradas de autonomía, autogoberno ou plena independencia. Pois ninguén quere ver a decisión sobre os asuntos propios en maus de outro, que incluso pode ser o seu máis perto enemigo, o que o amenaza con total sometimento ou absorción.

Tódolos galegos somos reponsables de Galicia, como tódolos homes somos reponsables ... e da terra.

Fóron os poetas os escritores os homes de letras, fieles a lingua propia do país os que utilizándoa normalmente na escrita a reivindicaron e reivindicaron a nacionalidade i os deireitos da nacionalidade.

Anotacións, apuntes e textos para dicir en público e en privado que nos axudan a situar ao poeta

Compromiso

Libertade pra Francisco Rodríguez

Lido como inauguración do acto da AELG na praza de Pontevedra.

A Coruña, 8 de Xulio de 1989

Anque hai unha intención e acción deliberada de calar os escritores galegos non entreguistas, de dividilos con prebendas pra uns e marxinación pra outros, esto faise mais ou menos descaradamente dendes do poder oficial ou non, inda a forza dunha literatura, feita maiormente como misión liberadora se deixa sentir e se fai presente coa vosa presenza, ca presenza dos que viñestes.

Vos non fostes citados nin traguidos eiquí polo interés ou polo medo, polo que sempre se moven outros. Vos viñestes chamados polo deber de Galicia, polo ímpetu de libertade e solidaridade, porque os escritores e os poetas sempre foron e serán os primeiros resistentes deste país. A súa activa memoria, deste país tan desasistido de vello polas clases que poderan mover unha conciencia activa.

Estamos eiquí homes libres comprometidos, mais sin compromiso partidario concreto, e outros homes libres tamén xuntados en diversos grupos ou por ideoloxías próximas ou diversas. Estamos eiquí pra defender a libertade de expresión e opinión e pra defender o dereito ó fervor pola patria, pola recuperación da propia cultura e lingua oprimidas e minorizadas, representantes dun nacionalismo defensivo, o nacionalismo menos agresivo do mundo, o nacionalismo galego, o simple sentido nacional básico. E que a pesares de selo, é hostigado polo poder, polo nacionalismo imperialista do estado.

Estamos eiquí defendendo un simple fervor, o fervor na defensa dunha Galicia secularmente agredida. (Non por repetido e tópico deixa de ser verdade que a nosa nación, a nosa cultura e a nosa lingua, foron e inda son agredidas.)



O xuicio, a sentencia, que mais ben parece unha acusación particular o informe dun fiscal polo tono e as veces pola forma e a forma de efectuar a prisión de Francisco Rodríguez, patriota noso, veñen a repetírnolo.

Estamos eiquí clameando, pola xustiza, pola corrección dunha sentencia que inda sendo legalmente correcta seria desproporcionada. Clameando pola revisión dunha lei envellecida, inda que fora reactualiza onte.

O que pode facer, o que pode ocasionar unha lei envellecida, pasada, obsoleta. Pode deixar en ridículo a unha audiencia, a un tribunal supremo e a un tribunal constitucional e meter na carcel, pechar sin remisión a un home de traballo continuo e riguroso e de irreprochable comportamento ético e función crítica, e incansable actividade social liberadora.

E mais se non hai a certeza de que Francisco Rodríguez fora o autor real dos feitos que se lle imputan, como non a hai. E si foi, non deixa de ser unha forma de expresión dunha xusta indignación patriótica. Compresible por calquer home de calquer pueblo e mais pra unhos xulgadores profesionais dun poder xudicial independente si realmente e independente.

Nós non podemos menos de sentir, por ver a un xusto rigurosamente xuzgado, desproporcionadamente condenado, nun país donde é recoñecido internacionalmente (vexamos a prensa de hoxe) que a xusticia tarda. Entreténdose vulgar casos así mentras tantos casos como se dicen e tantos reos reais anden soltos.

Leo a continuación o "poema a Francisco Rodríguez na cadea" co que se abre a serie de intervencións dos poetas e escritores galegos vidos de todalas partes do país.

* Fragmento inédito doutra volta do poeta sobre o o acto en prol da libertade de Francisco Rodríguez:

UNHOS tumbados na area
co sol e a brisa de cara
e un xusto na cadea
con sentencia confirmada

...

pena dous anos e un día
máis dezasete semanas
por queimar unha bandeira
bandeira qu'íl non queimara.
E si a queimara queimouna
polo do da súa Patria.
A Patria dil non a outra
á que outros patria chaman.
A Patria dil a da Lingua
a nosa Patria da Fala.

...

Unha pequena biografía de Uxío Novoneyra

A persoa que se ía converter no poeta Uxío Novoneyra nace o 19 de Xaneiro de 1930, na aldea de Parada de Moreda, en plena serra do Courel, dentro dunha familia labrega acomodada. O futuro escritor pasa a nenez e mocidade neste marco xeográfico courelán da Galicia arredada que segue conservando nese momento os seus tradicionais modos de vida e que conformará cos súa particular impronta as experiencias básicas da futura creación poética do autor, de inspiración esencialmente telúrica. Da mesma maneira, o ambiente histórico represivo da convulsa situación da década dos trinta e comezos dos corenta, que coincide cos anos de nenez e mocidade, deixarase ver máis tarde na súa poesía cívica.

En 1945 trasládase, durante o período escolar, a Lugo para estudar o bacharelato, que remata en 1948. Neste último ano coñece nesta cidade ó seu compañeiro de xeración, o escritor da Terra Cha Manuel María. Con anterioridade, en 1947, xa fora vivir a Parada a autora noíesa María Mariño Carou, con quen o noso autor iniciará unha profunda relación persoal que durará ata a morte da poeta en 1967 e que deixará a súa forte pegada na obra de ambos. De 1949 a 1951 está en Madrid e alí, tras superar o Exame de Estado, matricúlase por ovinte na carreira de Filosofía e Letras. Esta xeira madrileña é unha etapa de formación cultural, en gran parte autodidacta, na que empezará a escribir en castelán, chegando a publicar na revista universitaria *Bengala* dous poemas que formaban parte do libro inédito *Desde las cosas*. É este tamén un momento de eclosión política estudantil e nese ambiente entra en crise o pensamento do autor, quen daquela comeza a conformar a súa ideoloxía crítica e dá o seu primeiro recital poético nas aulas universitarias, iniciando así a que será a súa recoñecida actividade como “decidor” de poesía.

En 1952 Novoneyra volve a Galicia para facer o servizo militar, con estancias en Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo, coincidindo outra vez

con Manuel María. As experiencias composteláns son fundamentais pois espertan no escritor unha nova conciencia galega que se vai forxando en contacto con figuras como o pintor Carlos Maside, o ensaísta e ideólogo Ramón Piñeiro e a figura polifacética e patriarcal de Ramón Otero Pedrayo, tres personalidades esenciais na conformación da futura obra novoneyriana. É precisamente este contacto co galeguismo, xunto coa volta ao Courel durante unhas vacacións no ano 1952, o que motiva o autor para escribir en galego. A continuación, de 1953 a 1962, permanece no seu lugar de nacemento tendo que gardar repouso a causa dunha pleuresía. Nesta situación de soidade nace o ciclo poético courelán, que se inicia co libro *Os eidos* (Galaxia, Vigo, 1955), escrito entre 1952 e 1954. A obra, significativamente dedicada a Maside e Piñeiro, leva un prólogo en forma epistolar deste último insistindo de maneira especial no motivo central da vivencia da terra que o ensaísta consideraba esencial na tradición cultural galaica. Máis, por outra banda, as relacións galeguistas lévano a participar en actos puntuais que o vinculan ao agromar xuvenil do momento, como o recital inaugural do ciclo “Homenaje a la poesía gallega” organizado en Compostela no ano 1957; nel pronuncia unhas valentes palabras na nosa lingua proscriba, acompañando a lectura de textos do cancionero medieval, xesto político que causaría un forte impacto no ambiente represivo e timorato dos negros anos cincuenta, como nos lembra Xosé Luís Franco Grande no seu libro *Os anos escuros* (1985) sobre a resistencia cultural da xeración do noso autor.

No período que vai de 1962 a 1966 o escritor vive en Madrid. Nesa capital traballa na radio e na televisión, sempre en programas relacionados coa poesía galega, española ou universal; participa na bohemia vida madrileña; e asiste ás “tertulias” do Café Gijón, co poeta Carlos Oroza, o pintor Tino Grañido e un grupo de artistas plásticos como Urculo ou Viola. Ao mesmo

tempo, relaciónase cos membros do grupo Brais Pinto: o pintor Reimundo Patiño, o profesor Herminio Barreiro, o político Bautista Álvarez e os escritores Ramón Lorenzo, Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín. Neste ambiente de vangarda artística e preocupación socio-política escribe, entre 1962 e 1965, a serie poética titulada “Elegías de Madrid”, que xunto con outras dúas anteriores (“Primera verdad y tiempo con nombres” e “Elegías del Caurel”, elaboradas respectivamente entre 1953 e 1957 e 1958 e 1961) conforman o libro, editado na capital do Estado en versión bilingüe galego-castelá e dentro da colección “Adonais”, *Elegías del Laurel y outros poemas* (Rialp, Madrid, 1966).

En 1966 retorna de novo ao Courel, debido á enfermidade dos seus proxenitores, e xa desde este momento quedará a vivir en Galicia. O seu pai morrerá en 1971 e dous anos despois a súa nai, pero en 1968 coñece en Lugo a Elva Rei coa que casará en 1973. A parella terá logo tres fillos, Branca-Petra, Uxío e Arturo, e residirá ata 1983 entre Lugo e O Courel. Daquela recolle os poemas do ciclo courelán posteriores á publicación do primeiro libro, escritos entre 1954 e 1957, que, xunto con outros máis recentes de marcado signo político, conforma a obra titulada *Os eidos 2* (Galaxia, Vigo, 1974), ilustrada con debuxos de Laxeiro e dedicada á memoria dos seus pais e de María Mariño. Esta nova entrega courelá leva un significativo subtítulo alusivo á poética contemplativa que a inspira, “Libro de olladas”, e está organizada en catro partes relativas ao ciclo de “Os eidos”, “Serra aberta”, “Follas de cantigas”, “Diario de enfermo” e “Don do silencio”, e dúas de nome cívico, “Letanía de Galicia e outros poemas” e “O Laxeiro pintor dunha Galicia”. Logo, as dimensións políticas e gráfico-visual aparecen conxugadas no seu seguinte libro, *Poemas caligráficos* (Brais Pinto, Madrid, 1979). A obra é o número un dos “Cuadernos da Gadaña”,



Saída do cadaleito de Uxío Novoneyra, levado a ombros polos seus amigos, do Panteón de Galegos Ilustres

colección de título alusivo á vangarda pictórica artillada en torno a Brais Pinto coa que se atopa en perfecta sintonía non só polas creacións caligráficas e tipográficas, senón tamén por todo o aparello paratextual que as rodea: o limiar “Signos no vento, signos no tempo” de Reimundo Patiño, as citas de Luís Seoane e do estudioso expresionismo abstracto Anthony Everitt, así como o debuxo do aludido patiño, o deseño de Xosé Manuel Pereiro e o álbum fotográfico, de Novoneyra no Courel e con Elva, que lle serve de colofón. O núcleo poético do libro divídese en dúas partes: “Vietnam canto” e “Poemas caligráficos”. Por outra parte, nestes anos de marcada preocupación cívica, traduce ao galego varios poemas do escritor e político chinés Mao Zedong (*El Progreso*, 19-9-1976).

A comezos da década dos ostenta Novoneyra é considerado xa como un clásico pois como tal o confirman non só o seu tratamento na *Gran En-*

ciclopedia Gallega, senón moi especialmente os estudos da nova crítica, como o revelador “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra” publicado en 1980 por Claudio Rodríguez Fer ou os comentarios literarios como o sopesado “O iceberg poético de Novoneyra” que escribe Anxo Tarrío en 1981. Máis tarde, en 1984, Méndez Ferrín contribúe fundamentalmente a esta canonización ao escoller o seu nome para o título do libro *De Pondal a Novoneyra*, co que o crítico sintetiza en fermosa metonimia a súa persoal visión da historia da poesía galega. E a inclusión no canon será definitiva en 1989 ao ser incluída a súa obra entre os obxectos de estudio do libro *Poesía galega* de Rodríguez Fer. Por outra parte, nesta mesma década o noso autor inicia a recompilación completa do seu ciclo courelán, despois de sometelo a unha rigorosa depuración. Así, publícase no número un da colección *Grandes Mestres Os eidos. Libro do Courel* (Xerais, Vigo, 1985). Ambas obras

levan unha exhaustiva antoloxía de comentarios críticos de moi diversas auditorías e un glosario feito polo propio poeta, ademais dun caligrama del mesmo, tres retratos seus realizados por Carlos Maside, Tino Grandío, Laxeiro e Pedro Martínez Tavera, así como ilustracións de Blas Lourés, o citado Maside e René Portocarrero, xunto coa partitura da composición “Pasan pasan as nebras”, para canto e piano, feita por Manuel Balboa. Ten un interese especial o apartado desta edición titulado “Fragmentos de críticas apoloxías e semblanzas” pois serve como guía básica da recepción crítica da obra novoneyriana e constata o recoñecemento xeneralizado do seu canto telúrico, por enriba das reticencias interesadas que sempre suscitan no mundo literario as obras que se impoñen por si mesmas, indiscutibles.

En 1983 afínase definitivamente en Compostela, desde onde exerceu a presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a partir da súa primeira elección en 1982 até a súa morte en 1999. Desde o punto de vista creativo, na segunda metade da década dos ostenta comeza unha reagrupación temática da súa obra completa. Así, en *Muller pra lonxe* (Deputación de Lugo, Lugo, 1986) reúne, no número un da colección por el mesmo bautizada “Gran Lugo de nebra”, os poemas eróticos e amorosos nunca edición artística ilustrada polo pintor lugués Carlos Pardo Teijeiro, así como polos trazos manuscritos do autor, e acompañada dun epílogo crítico do poeta Claudio Rodríguez Fer. Máis adiante, aparece na colección “Vento que zoa” *Do Courel a Compostela 1956-1986* (Sotelo Blanco, Barcelona, 1988), unha antoloxía que recolle todas aquelas composicións de temática política, acompañadas por unha escolma de textos críticos da autoría de Xesús Rábade Paredes, Herminio Barreiro, Luís Seoane, Basilio Losada, Reimundo Patiño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xulio Valcárcel e Claudio Rodríguez Fer, o libro está ilustrado con



Manuel María e Uxío Novoneyra, dous dos grandes da literatura galega

numerosas caligrafías do Courel de Federico García Cabezón, retratos do escritor por Lorente, Laxeiro e Maside, e reproducións de *Os anos escuros* de Franco Grande e de dous números da revista *Si la píldora bien supiera no la doraran por defuera*, onde aparecerán referencias ao escritor xunto cos seus poemas "Pranto polo Che" e "Vietnam canto". E, seguindo estas recompilacións temáticas, publícase finalmente unha nova versión bilingüe galego-euskera da serie courelá, pero depurada dos elementos políticos ou eróticos, presentes nas publicacións anteriores deste ciclo, e sen as dedicatorias nin o glosario das versións precedentes. Esta edición, titulada *Bazterrak/ Os eidos I e II* (Pamiela, Iruña, 1988) foi realizada e prologada polo poeta donostiarra Koldo Izagurre. Máis adiante, ao comezo da década dos noventa ve a luz unha edición introducida e anotada deste ciclo telúrico, agora na colección Biblioteca das Letras Galegas e ao coidado de Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, *Os eidos* (Xerais, Vigo, 1990), edición que contribúe á consolidación do escritor no canon literario galego e que, con respecto aos textos, repite a anterior á que só engade un último poema, o titulado "O monte

Cido", escrito en 1985. Nesta mesma liña canonizadora do autor dentro do sistema literario, tres anos despois, na colección "Criterio" promovida pola Asociación Sócio-Pedagógica Galega, Antonia López García publica un traballo sobre a súa obra: *Os camiños do soño* (a poesía de Uxío Novoneyra) (Do Cumio, Vigo, 1993).

Máis os anos noventa van amosar unha nova contribución creativa do escritor, que dá a coñecer dúas publicacións de literatura infantil, *O cubil do xabarín* (Edelvives, Zaragoza, 1991) e *Gorgorín e Cabezón* (Edelvives, Zaragoza, 1992), dous contos de aventuras protagonizados por rapazas e rapaces, ambientados na xeografía do Courel e cunha rica linguaxe poética. Nesta mesma década, reedítase na colección "Merlín e Familia" *Elexías do Caurel e outros poemas*, con modificacións, ademais do engadido da serie "Madrid / noite", ilustrado cun debuxo de Reimundo Patiño e baixo o novo título de Tempo de elexía (Vía Láctea, A Coruña, 1991). Ademais, despois dun longo silencio, roto tan só pola aparición dalgunha composición nova, como puido ser a titulada "Viaxe", dada a coñecer en 1991, ou a saída da segunda edición da obra *Os Eidos* da Biblioteca das Letras Galegas (Xerais,

Vigo, 1991), publica unha entrega poética individual, *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* (Espiral Maior, A Coruña, 1994), con gravados de Carlos Crego, fotografías de Federico García Cabezón, unha pintura de Reimundo Patiño e caligrafías do propio autor. Esta reaparición poética complétase coa publicación do poemario de temática compostelá e autoría colectiva *Camelio xaponés* (Consortio de Santiago, Santiago de Compostela, 1995). A obra reúne en edición bilingüe galego-nipona sete xiikas (versos xaponeses) de Ayako Sugitani, en versión galega de Novoneyra, e tres composicións galegas do noso autor, postas en xaponés pola citada escritora nacida en Hagi-Shi. Trátase dun libro de coidada edición institucional que reúne os textos poéticos referidos, xunto con caligrafías e fotografías de Ayako Sugitani. Ao ano seguinte Xosé Manuel Varela Varela edita unha pequena antoloxía da produción novoneyriana baixo o título *Do Courel ó Monte Branco* (Asociación Cultural Monte Branco, Ponteceso, 1996), que de novo asocia o mundo do noso autor co de Pondal ao unir a paisaxe mesma da orixe da terra pondaliana cos resoantes ecos dos cumes do silencio de Novoneyra, como se dicía nun artigo titulado "De Rosalía a Xohana Torres" dese mesmo ano.

E neste último período o poeta segue sacando á luz diversas mostras creativas en distintos medios, como as "Lendas de a cavalo" (O Correo Galego 13-VII-1997), pertencentes á obra inédita a que o propio escritor se ten referido en distintas ocasións como *Libro de Rotas/ Ameto Mítico* ou simplemente *Ameto Mítico*, e que sairá á rúa uns días despois do seu pasamento, acaecido o 30 de outubro de 1999, baixo o título *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago outras rotas* (Hércules Ediciones, A Coruña, 1999) ■

* Recollida da páxina www.uxionovoneyra.com/ na que ademais se atopa máis información sobre a súa obra e reprodución de textos, vídeos e gravacións deste autor.